



INFORME TECNICO DE NECESIDADE DE CONTRATO DE SERVIZOS

Asunto: Contrato do servizo da Piscina Municipal do 27 de abril ata o 30 de setembro de 2024

MANUEL CRUZ FERRO, TECNICO DEPORTIVO MUNICIPAL do Concello de Oroso, aos efectos da xustificación do contrato de servizo da Piscina Municipal.

EXPOÑO:

Que o servizo da piscina e unha actividade de máxima importancia e interese público, onde mais de 400 usuarios veñen sendo aboados desta instalación, ademais dos usuarios que aceden diariamente mediante a adquisición de entradas.

Dentro do servizo da piscina inclúe entre outras tarefas: a xestión da cafetería, recepción, mantemento do xardín, mantemento da maquinaria, impartición de cursos de natación, servizo de vixilancia, salvamento e scorrismo, etc..

Debido a que o Concello de Oroso non dispón de persoal especializado para poder realizar estas tarefas, para o cal se necesita contratar varias persoas, capacitadas para os diferentes postos, que permitan manter aberta dita instalación, cumprindo ca normativa vixente en temas tan importantes como, seguridade e saúde.

Vémonos na necesidade de externalizar estes traballos mediante un contrato de servizos.